

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

- 3370** *Real decreto 192/2010, do 26 de febreiro, de modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, e do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, para a incorporación de determinadas directivas comunitarias.*

I

A Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, viuse modificada pola aprobación ao longo do ano 2008 dunha serie de directivas coñecidas conxuntamente co nome de «Paquete IVE». En particular, esas directivas comunitarias son as directivas 2008/8/CE e 2008/9/CE do Consello, ambas do 12 de febreiro de 2008, e a Directiva 2008/117/CE do Consello, do 16 de decembro de 2008.

Unha vez incorporado o contido das referidas directivas á Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, na parte que a afecta, resulta procedente a través deste real decreto completar a súa transposición modificando o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, concluíndo así a transposición do «Paquete IVE» na parte que debe entrar en vigor en 2010, 2011 e 2013.

Das citadas directivas derivan dúas reformas relevantes do regulamento do imposto: a relativa ao novo sistema de portelo único, a fin de que os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto pero establecidos na Comunidade soliciten a devolución das cotas soportadas nel, e a correspondente á revisión do contido e prazos de presentación da declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias ou modelo 349.

Respecto da devolución do imposto a non establecidos, desenvólense os novos artigos 117 bis, 119 e 119 bis da Lei 37/1992; tales preceptos legais pasan a se corresponder cos artigos 30 ter, 31 e 31 bis do regulamento, respectivamente.

Con anterioridade a este real decreto, os artigos 31 e 31 bis estaban recollidos nun único artigo, o 31. Non obstante, optouse por levar ao regulamento a mesma desagregación que xa prevé a lei do imposto neste particular, distinguindo claramente o sistema previsto para solicitantes establecidos en países ou territorios terceiros, inalterado polo dereito da Unión, do deseñado para os establecidos na Comunidade, que é o que se modifica pola Directiva 2008/9/CE.

Así, no novo artigo 30 ter, desenvolvemento do artigo 117 bis da Lei do imposto, establécese un dos aspectos máis innovadores do novo sistema: a forma en que os empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto solicitarán, por medio dos formularios dispostos na oficina virtual da páxina web da Axencia Estatal de Administración Tributaria, as cotas a devolver por operacións localizadas noutros Estados da Comunidade. En concreto, a solicitude electrónica, recibida pola citada Axencia, remitirase sen demora ao Estado de devolución, ben que se deberá realizar previamente unha comprobación de determinados aspectos do seu contido, moi especialmente que o solicitante realiza operacións xeradoras do dereito á dedución.

O artigo 31, pola súa parte, vese revisado en profundidade. Este precepto, desenvolvemento do artigo 119 da Lei do imposto, refírese aos supostos en que España é o Estado de devolución e, por tanto, o seu contido incumbe aos que, non estando establecidos no territorio de aplicación do imposto, teñan soportado cotas nel. Na súa

redacción procureuse a máxima coincidencia cos preceptos da Directiva 2008/9/CE, ao regular esta norma de forma moi detallada os aspectos procedementais por que se debe rexer a tramitación de solicitudes.

Do citado precepto débense destacar aspectos tales como unha maior precisión no contido da solicitude a través dun formulario practicamente idéntico entre todos os Estados membros, a non petición de facturas orixinais salvo que se abra un procedemento de comprobación e se solicite información adicional ou ulterior e aquela se considere necesaria, a posibilidade de presentar as solicitudes trimestral ou anualmente con limiares revisados ou a substancial redución de prazos para resolver, fixándose en catro meses con carácter xeral ou até un máximo de oito se debe realizarse a citada comprobación. Transcorridos eses prazos, a Lei do imposto prevé, como xa ocorría en España pero non así en todos os Estados membros, a xeración automática de xuros de demora, xeración preceptiva conforme o novo sistema.

As novidades no artigo 31 bis, desenvolvemento do artigo 119 bis da Lei do imposto, son moito máis reducidas e teñen por único obxecto actualizar o seu contido e acomodar determinados requisitos cuantitativos, temporais e formais aos que se introducen no artigo 31, mantendo en todo caso os requirimentos específicos de nomeamento de representante e existencia de reciprocidade, elementos distintivos deste sistema de devolución.

Noutra orde de cousas, este real decreto afecta os artigos 78 a 81 do Regulamento do imposto como consecuencia das disposicións das directivas 2008/8/CE e 2008/117/CE do Consello. Con isto, procédese a revisar a declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias, declaración máis coñecida polo modelo a través do cal se presenta, o 349. Asemade, reestrutúrase o contido dos referidos preceptos para a súa mellor comprensión.

Esta declaración, eixe central do sistema de intercambio de información entre os Estados membros en relación cos tráxicos intracomunitarios de bens, deberá recoller información sobre as denominadas prestacións e adquisicións intracomunitarias de servizos, operacións que se localizan e gravan no Estado onde está establecido o destinatario delas. O motivo da inclusión destas operacións na declaración recapitulativa non é outro que a modificación das regras de localización das prestacións de servizos de acordo co establecido polo novo artigo 69 da Lei do imposto, o cal establece o gravame no Estado de destino cando prestador e destinatario son empresarios ou profesionais actuando como tales. Na medida en que nestes casos o servizo estará non suxeito en orixe pero gravado en destino, faise necesario informar o Estado de destino de que se realizou ou adquiriu o servizo a fin de que a operación se poida controlar adecuadamente en paralelo ao que ocorre cos tráxicos de bens.

Adicionalmente, este real decreto revisa a estrutura do artigo 81 do Regulamento do imposto, incorporando novos prazos de presentación. Neste senso, nos mesmos termos da Directiva 2008/117/CE e utilizando a marxe de flexibilización que ela prevé, establécese un prazo xeral mensual de presentación, ben que, na medida en que a suma das entregas de bens de que se debe informar na referida declaración e das prestacións intracomunitarias de servizos, non superen nin nun trimestre en curso nin en calquera dos catro anteriores o limiar de 100.000 euros (50.000 euros desde o 1 de xaneiro de 2012), a presentación terá frecuencia trimestral.

As novidades no Regulamento do imposto sobre o valor engadido complétanse coa modificación do punto 3.º do número 7 do seu artigo 71, co obxectivo de prever a obriga de presentar declaración non periódica para as persoas xurídicas que non teñan a condición de empresarios ou profesionais pero se reputen como tales conforme o novo número catro do artigo 5 da Lei do imposto, así como coa actualización das referencias cruzadas contidas no número 1 do seu artigo 23, no punto 1.º do número 1 do seu artigo 66, e no número 3 do seu artigo 82.

II

Por outra parte, este real decreto introduce determinadas modificacións que afectan o número 3 do artigo 3, o número 2 do artigo 10 e o número 2 do artigo 25, do Regulamento

xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Tales modificacións derivan, así mesmo, do dereito da Unión, a fin de que o Rexistro de Operadores Intracomunitarios e, por tanto, a atribución do número de identificación para efectos do imposto, se adapte á ampliación que a Directiva 2008/8/CE realiza respecto dos empresarios ou profesionais que deben estar identificados, establecendo dous novos supostos no artigo 214 da Directiva 2006/112/CE [novas alíneas d) e e) do artigo 214].

Estes supostos son os referidos aos prestadores e aos destinatarios daquelas prestacións intracomunitarias de servizos cuxo suxeito pasivo sexa, por vía do mecanismo de inversión, o destinatario delas.

III

Este real decreto estrutúrase en dous artigos, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 23, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Nos servizos de publicidade a que se refire a alínea c) do número dous do artigo 69 da Lei do imposto entenderanse comprendidos tamén os servizos de promoción que impliquen a transmisión dunha mensaxe destinada a informar da existencia e calidades do produto ou servizo obxecto de publicidade.

Non se comprenden nos citados servizos de promoción os de organización para terceiros de feiras e exposicións de carácter comercial a que se refire o número 3.º do punto un do artigo 70 da Lei do imposto sobre o valor engadido.»

Dous. Engádesse un novo artigo 30 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 30 ter. *Solicitudes de devolución de empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto correspondentes a cotas soportadas por operacións efectuadas na Comunidade con excepción das realizadas nese territorio.*

1. As solicitudes de devolución reguladas no artigo 117 bis da Lei do imposto presentaranse por vía electrónica a través dos formularios dispostos para o efecto no portal electrónico da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Este órgano informará sen demora o solicitante da recepción da solicitude por medio do envío dun aviso de recepción electrónica e decidirá a súa remisión por vía electrónica ao Estado membro en que se soportasen as cotas no prazo de 15 días contados desde a recepción.

2. Non obstante, notificarase por vía electrónica ao solicitante que non procede a remisión da súa solicitude cando, durante o período a que se refira, conorra calquera das seguintes circunstancias:

a) Que non tivese a condición de empresario ou profesional actuando como tal.

b) Que realizase exclusivamente operacións que non orixinen o dereito á dedución total do imposto.

c) Que realice exclusivamente actividades que tributen polos réximes especiais da agricultura, gandería e pesca ou da recarga de equivalencia.

3. O solicitante deberá estar inscrito no servizo de notificacións en enderezo electrónico para as comunicacións que realice a Axencia Estatal de Administración Tributaria relativas ás solicitudes a que se refire este artigo.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Devolucións a empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto pero establecidos na Comunidade, Illas Canarias, Ceuta ou Melilla.*

1. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto pero establecidos na comunidade, Illas Canarias, Ceuta ou Melilla, poderán solicitar a devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido a que se refire o artigo 119 da Lei do imposto mediante unha solicitude que deberá reunir os seguintes requisitos:

a) A presentación será realizada por vía electrónica a través do formulario disposto para o efecto no portal electrónico da Administración tributaria do Estado membro onde estea establecido o solicitante co contido que aprobe o ministro de Economía e Facenda.

Cando se trate de solicitantes establecidos nas Illas Canarias, Ceuta ou Melilla, a solicitude presentarase a través do portal electrónico da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Este órgano, que será o competente para tramitar e resolver as solicitudes a que se refire este artigo, comunicará ao solicitante ou ao seu representante a data de recepción da súa solicitude a través dunha mensaxe enviada por vía electrónica.

b) A solicitude comprenderá as cotas soportadas polas adquisicións de bens ou servizos polas cales se xerese o imposto e se expedise a correspondente factura no período a que se refiran. No caso das importacións de bens, a solicitude deberase referir ás realizadas durante o período de devolución definido no número 3 deste artigo.

Así mesmo, poderase presentar unha nova solicitude referida a un ano natural que comprenda, se for o caso, as cotas soportadas por operacións non consignadas noutras anteriores sempre que se realizasen durante o ano natural considerado.

c) O ministro de Economía e Facenda poderá determinar que a solicitude se acompañe de copia electrónica das facturas ou documentos de importación a que se refira cando a base imponible consignada en cada un deles supere o importe de 1.000 euros con carácter xeral ou de 250 euros cando se trate de carburante.

d) A solicitude de devolución deberá conter a seguinte información:

1.º Nome e apelidos ou denominación social e enderezo completo do solicitante.

2.º Número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido ou número de identificación fiscal do solicitante.

3.º Un enderezo de correo electrónico.

4.º Descrición da actividade empresarial ou profesional do solicitante a que se destinan os bens e servizos correspondentes ás cotas do imposto cuxa devolución se solicita. Para estes efectos, o ministro de Economía e Facenda poderá establecer que a descrición se efectúe por medio duns códigos de actividade.

5.º Identificación do período de devolución a que se refira a solicitude de acordo co disposto no número 3 deste artigo.

6.º Unha declaración do solicitante en que manifieste que non realiza no territorio de aplicación do imposto operacións distintas das indicadas no número 2.º do punto dous do artigo 119 da lei.

Así mesmo, cando se trate dun empresario ou profesional titular dun establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto, deberase manifestar na declaración que non se realizaron entregas de bens nin prestacións de servizos desde ese establecemento permanente durante o período a que se refira a solicitude.

7.º Identificación e titularidade da conta bancaria, con mención expresa aos códigos IBAN e BIC que correspondan.

No caso de que non se trate dunha conta aberta nun establecemento dunha entidade de crédito situado no territorio de aplicación do imposto, Illas Canarias, Ceuta ou Melilla, todos os gastos que orixine a transferencia detraeranse do importe da devolución acordada.

8.º Os datos adicionais e de codificación que se soliciten por cada factura ou documento de importación no formulario sinalado na alínea a) deste número.

2. A solicitude de devolución unicamente se considerará presentada cando conteña toda a información a que se refire a alínea d) do número anterior deste artigo.

3. A solicitude de devolución poderá comprender as cotas soportadas durante un trimestre natural ou no curso dun ano natural. Tamén poderá referirse a un período inferior a un trimestre cando se trate do conxunto de operacións realizadas nun ano natural.

4. O prazo para a presentación da solicitude de devolución iniciárase o día seguinte ao final de cada trimestre natural ou de cada ano natural e concluirá o 30 de setembro seguinte ao ano natural en que se soportasen as cotas a que se refira.

5. O importe total das cotas do imposto consignadas nunha solicitude de devolución trimestral non poderá ser inferior a 400 euros.

Non obstante, cando a solicitude se refira ao conxunto de operacións realizadas durante un ano natural, o seu importe non poderá ser inferior a 50 euros.

6. Se con posterioridade á solicitude das devolucións a que se refire este artigo se regularizar a porcentaxe de dedución calculada provisoriamente no Estado membro onde o solicitante estea establecido, deberase proceder a corrixir o seu importe nunha solicitude de devolución que se presente durante o ano natural seguinte ao período de devolución cuxa porcentaxe fose obxecto de rectificación.

Cando non se presentasen solicitudes de devolución durante ese ano, a rectificación realizarase mediante o envío dunha solicitude de rectificación por vía electrónica que se presentará a través do portal electrónico da Administración tributaria do Estado de establecemento co contido que aprobe o ministro de Economía e Facenda.

7. Cando o órgano competente para resolver a solicitude presentada considere que non dispón de toda a información que precise, poderá requirir a información adicional necesaria ao solicitante, á autoridade competente do Estado membro onde estea establecido aquel ou a terceiros, mediante unha mensaxe enviada por vía electrónica dentro do prazo dos catro meses contados desde a recepción da solicitude. Así mesmo, o citado órgano poderá solicitar calquera información ulterior que considere necesaria.

Cando existan dúbidas acerca da validez ou exactitude dos datos contidos nunha solicitude de devolución ou na copia electrónica das facturas ou dos documentos de importación a que se refira, o órgano competente para a súa tramitación poderá requirir, se for o caso, ao solicitante a presentación dos orixinais a través do inicio do procedemento para a obtención de información adicional ou ulterior a que se refire o número sete do artigo 119 da Lei do imposto. Os orixinais

deberanse manter ao dispor da Administración tributaria durante o prazo de prescrición do imposto.

As solicitudes de información adicional ou ulterior deberán ser atendidas polo seu destinatario no prazo dun mes contado desde a súa recepción.

8. A resolución da solicitude de devolución deberase adoptar e notificar ao solicitante durante os catro meses seguintes á data da súa recepción polo órgano competente para adoptala.

Non obstante, cando sexa necesaria a solicitude de información adicional ou ulterior, a resolución deberase adoptar e notificar ao solicitante no prazo de dous meses desde a recepción da información solicitada ou desde a fin do transcurso dun mes desde que a solicitude se efectuou, se a solicitude non for atendida polo seu destinatario. Nestes casos, o procedemento de devolución terá unha duración mínima de seis meses contados desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolvela.

En todo caso, cando sexa necesaria a solicitude de información adicional ou ulterior, o prazo máximo para resolver unha solicitude de devolución será de oito meses contados desde a data da recepción da solicitude, entendéndose desestimada se, transcorridos os prazos a que se refire este número, non se recibiu notificación expresa da súa resolución.

9. Recoñecida a devolución, deberase proceder ao seu aboamento nos 10 días seguintes á finalización dos prazos a que se refire o número anterior deste artigo.

10. A desestimación total ou parcial da solicitude presentada poderá ser impugnada polo solicitante de acordo co disposto no título V da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

11. O ministro de Economía e Facenda poderá establecer o idioma en que se deba efectuar a solicitude de devolución e a información adicional ou ulterior que sexa requirida polo órgano competente para a súa tramitación e resolución.»

Catro. Engádesse un novo artigo 31 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 31 bis. *Devolucións a determinados empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto nin na Comunidade, Illas Canarias, Ceuta ou Melilla.*

1. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto nin na Comunidade, Illas Canarias, Ceuta ou Melilla, poderán solicitar a devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido a que se refire o artigo 119 bis da Lei do Imposto mediante unha solicitude que deberá reunir os seguintes requisitos:

a) A presentación será realizada por vía electrónica a través do modelo e cos requisitos de acreditación aprobados polo ministro de Economía e Facenda que se encontrarán aloxados no portal electrónico da Axencia Estatal de Administración Tributaria, órgano competente para a súa tramitación e resolución.

b) A solicitude de devolución poderá comprender as cotas soportadas durante un trimestre natural ou no curso dun ano natural. Tamén se poderá referir a un período inferior a un trimestre cando se trate do conxunto de operacións realizadas nun ano natural.

c) Na solicitude consignaranse as cotas soportadas polas adquisicións de bens ou servizos polas cales se xerese o imposto e se expedise a correspondente factura no período a que se refiran. No caso das importacións de bens, a solicitude deberase referir ás realizadas durante o período de devolución definido na alínea b) deste número.

Así mesmo, poderase presentar unha nova solicitude referida a un ano natural que comprenda, se for o caso, as cotas soportadas por operacións non consignadas noutras anteriores sempre que se realizasen durante o ano natural considerado.

d) A solicitude de devolución deberá conter:

1.º Unha declaración subscripta polo solicitante ou o seu representante en que manifieste que non realiza no territorio de aplicación do imposto operacións distintas das indicadas no número 2.º do punto dous do artigo 119 da Lei do imposto.

Así mesmo, cando se trate dun empresario ou profesional titular dun establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto, deberase manifestar na declaración que non se realizaron entregas de bens nin prestacións de servizos desde ese establecemento permanente durante o período a que se refira a solicitude.

Non obstante, os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que se acollan ao réxime especial aplicable aos servizos prestados por vía electrónica, regulado nos artigos 163 bis a 163 quáter da Lei do imposto, non estarán obrigados ao cumprimento do disposto neste número 1.º

2.º Compromiso subscripto polo solicitante ou o seu representante de reembolsar á Facenda pública o importe das devolucións que resulten improcedentes.

3.º Certificación expedida polas autoridades competentes do Estado onde radique o establecemento do solicitante na cal se acredite que realiza nese Estado actividades empresariais ou profesionais suxeitas ao imposto sobre o valor engadido ou a un tributo análogo durante o período en que se xerasen as cotas cuxa devolución se solicita.

2. O prazo para a presentación da solicitude iniciarase o día seguinte ao final de cada trimestre natural ou de cada ano natural e concluirá o 30 de setembro seguinte ao ano natural en que se soportasen as cotas a que se refira.

3. Os orixinais das facturas e demais documentos xustificativos do dereito á devolución deberán manterse ao dispor da Administración tributaria durante o prazo de prescrición do imposto.

4. O importe total das cotas do imposto consignadas nunha solicitude de devolución trimestral non poderá ser inferior a 400 euros.

Non obstante, cando a solicitude se refira ao conxunto de operacións realizadas durante un ano natural, o seu importe non poderá ser inferior a 50 euros.

5. A tramitación e resolución das solicitudes de devolución a que se refire este artigo realizaranse de acordo co disposto nos números 6 a 11 do artigo 31 deste regulamento.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido deberán levar un libro rexistro de determinadas operacións intracomunitarias, no cal se anotarán as que se describen a seguir:

1.º O envío ou recepción de bens para a realización dos informes periciais ou traballos mencionados na alínea b) do número 7.º do número un do artigo 70 da Lei do imposto.

2.º As transferencias de bens e as adquisicións intracomunitarias de bens comprendidas no número 3.º do artigo 9 e no número 2.º do artigo 16 da Lei do imposto, incluídas, en ambos os casos, as determinadas nas excepcións correspondentes ás alíneas e), f) e g) do citado número 3.º do artigo 9.»

Seis. Modifícase o número 3.º do número 7 do artigo 71, que queda redactado da seguinte forma:

«3.º As persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais cando efectúen adquisicións intracomunitarias de bens distintos dos medios de transporte novos que estean suxeitas ao imposto, así como cando se reputen

empresarios ou profesionais de acordo co disposto polo número catro do artigo 5 da Lei do imposto.»

Sete. Modifícase o artigo 78, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 78. *Declaración recapitulativa.*

Os empresarios e profesionais deberán presentar unha declaración recapitulativa das entregas e adquisicións intracomunitarias de bens e das prestacións e adquisicións intracomunitarias de servizos que realicen na forma que se indica neste capítulo.»

Oito. Modifícase o artigo 79, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 79. *Obriga de presentar a declaración recapitulativa.*

Estarán obrigados a presentar a declaración recapitulativa os empresarios e profesionais, mesmo que teñan esa condición conforme o disposto no número catro do artigo 5 da Lei do imposto, que realicen calquera das seguintes operacións:

1.º As entregas de bens destinados a outro Estado membro que se encontren exentas en virtude do disposto nos números un, dous e tres do artigo 25 da Lei do imposto.

Incluiranse entre estas operacións as transferencias de bens comprendidas no número 3.º do artigo 9 da Lei do imposto e, en particular, as entregas posteriores de bens cuxa importación estivese exenta de acordo co disposto no número 12.º do artigo 27 da Lei do imposto.

Quedarán excluídas das entregas de bens a que se refire este número as seguintes:

a) As que teñan por obxecto medios de transporte novos realizadas a título ocasional polas persoas comprendidas na alínea e) do número un do artigo 5 da Lei do imposto.

b) As realizadas por suxeitos pasivos do imposto para destinatarios que non teñan atribuído un número de identificación para efectos do citado tributo en calquera outro Estado membro da Comunidade.

2.º As adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao imposto realizadas por persoas ou entidades identificadas para efectos do imposto no territorio de aplicación deste.

Incluiranse entre estas operacións as transferencias de bens desde outro Estado membro a que se refire o número 2.º do artigo 16 da Lei do imposto e, en particular, as adquisicións intracomunitarias de bens que fosen previamente importados noutro Estado membro onde a importación estivese exenta do imposto en condicións análogas ás establecidas polo número 12.º do artigo 27 da Lei do imposto.

3.º As prestacións intracomunitarias de servizos.

Para efectos deste regulamento, consideraranse prestacións intracomunitarias de servizos as prestacións de servizos en que concorran os seguintes requisitos:

a) Que, conforme as regras de localización aplicables, non se entendan prestadas no territorio de aplicación do imposto.

b) Que estean suxeitas e non exentas noutro Estado membro.

c) Que o seu destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal e estableza nese Estado membro a sede da súa actividade económica, ou teña nel un establecemento permanente ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio ou residencia habitual, ou que o destinatario sexa unha persoa xurídica que non actúe como empresario ou profesional pero teña asignado un número de identificación para efectos do imposto subministrado por ese Estado membro.

d) Que o suxeito pasivo sexa o dito destinatario.

4.º As adquisicións intracomunitarias de servizos.

Para efectos deste regulamento, consideraranse adquisicións intracomunitarias de servizos as prestacións de servizos suxeitas e non exentas no territorio de aplicación do imposto que sexan prestadas por un empresario ou profesional cuxa sede de actividade económica ou establecemento permanente desde o que as preste ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio ou residencia habitual, se encontre na Comunidade pero fóra do territorio de aplicación do imposto.

5.º As entregas subseguintes ás adquisicións intracomunitarias de bens a que se refire o número tres do artigo 26 da Lei do imposto, realizadas noutro Estado membro utilizando un número de identificación para efectos de imposto sobre o valor engadido asignado pola Administración tributaria española.»

Nove. Modifícase o artigo 80, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 80. *Contido da declaración recapitulativa.*

1. A declaración recapitulativa deberá conter a seguinte información:

1.º Os datos de identificación dos provedores e adquirentes dos bens e os prestadores e destinatarios dos servizos, así como a base imponible total relativa ás operacións efectuadas con cada un deles.

Se a contraprestación das operacións se establecese nunha unidade de conta distinta do euro, a base imponible das referidas operacións deberase reflectir en euros con referencia á data da xeración.

2.º Nos casos de transferencia de bens comprendidos no número 3.º do artigo 9 e no número 2.º do artigo 16 da Lei do imposto, deberase consignar o número de identificación asignado ao suxeito pasivo no outro Estado membro.

3.º Nas operacións a que se refire o número 5.º do artigo 79 deste regulamento deberanse consignar separadamente as entregas subseguintes, facendo constar, en relación con elas, os seguintes datos:

a) O número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido que utilice o empresario ou profesional para a realización das citadas operacións.

b) O número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido asignado polo Estado membro de chegada da expedición ou transporte, subministrado polo adquirente da dita entrega subseguinte.

c) O importe total das entregas efectuadas polo suxeito pasivo no Estado membro de chegada da expedición ou transporte de bens correspondente a cada destinatario delas.

2. Os datos contidos na declaración recapitulativa deberanse rectificar cando se incorrese en erros ou se producisen alteracións derivadas das circunstancias a que se refire o artigo 80 da Lei do imposto.

3. As operacións deberanse consignar na declaración recapitulativa correspondente ao período de declaración en que se xerasen.

Nos supostos a que se refire o número 2 anterior, a rectificación anotarase na declaración recapitulativa do período de declaración en que fose notificada ao destinatario dos bens ou servizos.»

Dez. Modifícase o artigo 81, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 81. *Lugar, forma e prazos de presentación da declaración recapitulativa.*

1. A presentación da declaración recapitulativa realizarase no lugar, da forma e a través do modelo aprobados polo ministro de Economía e Facenda.

2. O período de declaración e os prazos para a presentación da declaración recapitulativa serán os seguintes:

1.º Con carácter xeral, a declaración recapitulativa deberase presentar por cada mes natural durante os vinte primeiros días naturais do mes inmediato seguinte, salvo a correspondente ao mes de xullo, que se poderá presentar durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro.

2.º Cando nin durante o trimestre de referencia nin en cada un dos catro trimestres naturais anteriores o importe total acumulado das entregas de bens que se deban consignar na declaración recapitulativa e das prestacións intracomunitarias de servizos efectuadas sexa superior a 50.000 euros, excluído o imposto sobre o valor engadido, a declaración recapitulativa deberase presentar durante os vinte primeiros días naturais do mes inmediato seguinte ao correspondente período trimestral.

Se ao final de calquera dos meses que compoñen cada trimestre natural se superar o importe mencionado no parágrafo anterior, deberase presentar unha declaración recapitulativa para o mes ou os meses transcorridos desde o comezo dese trimestre natural durante os vinte primeiros días naturais inmediatos seguintes.

3. En todos os casos a que se refire o número 2 deste artigo, a declaración recapitulativa correspondente ao último período do ano deberase presentar durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

4. Non obstante o disposto no número 2 deste artigo, o ministro de Economía e Facenda poderá autorizar que a declaración recapitulativa se refira ao ano natural respecto daqueles empresarios ou profesionais obrigados á súa presentación nos cales concorran as dúas circunstancias seguintes:

1.º Que o importe total das entregas de bens e prestacións de servizos, excluído o imposto sobre o valor engadido, realizadas durante o ano natural anterior non sexa superior a 35.000 euros.

2.º Que o importe total das entregas de bens que non sexan medios de transporte novos exentas do imposto de acordo co disposto nos números un e tres do artigo 25 da Lei do imposto e realizadas durante o ano natural anterior non sexa superior a 15.000 euros.

5. O cómputo dos importes a que se refire o número 4 anterior, no exercicio de inicio da actividade, realizarase mediante a elevación ao ano das operacións efectuadas no primeiro trimestre natural de exercicio da actividade.»

Once. Modifícase o número 3 do artigo 82, que queda redactado da seguinte forma:

«3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do previsto no número 1.º do artigo 119 bis da Lei do imposto.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«3. O Rexistro de Operadores Intracomunitarios estará formado polas persoas ou entidades que teñan asignado o número de identificación fiscal regulado para efectos do imposto sobre o valor engadido no artigo 25 deste regulamento e que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) As persoas ou entidades que vaian efectuar entregas ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas a ese tributo.

b) As persoas ou entidades a que se refire o artigo 14 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, cando vaian realizar adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas a ese imposto. En tal caso, a inclusión neste rexistro determinará a asignación á persoa ou entidade solicitante do número de identificación fiscal regulado no artigo 25 deste regulamento.

A circunstancia de que as persoas ou entidades a que se refire o artigo 14 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, deixen de estar incluídas no Rexistro de Operadores Intracomunitarios, por se producir o suposto de que as adquisicións intracomunitarias de bens que realicen resulten non suxeitas ao imposto en atención ao establecido nese precepto, determinará a revogación automática do número de identificación fiscal específico regulado no artigo 25 deste regulamento.

c) Os empresarios ou profesionais que sexan destinatarios de servizos prestados por empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido respecto dos cales sexan suxeitos pasivos.

d) Os empresarios ou profesionais que presten servizos que, conforme as regras de localización, se entendan realizados no territorio doutro Estado membro cando o suxeito pasivo sexa o destinatario deles.

Este rexistro formará parte do Censo de empresarios, profesionais e retentores.»

Dous. Modifícase a alínea e) do número 2 do artigo 10, que queda redactado da seguinte forma:

«e) Solicitar a inclusión no Rexistro de Operadores Intracomunitarios cando se vaian producir, unha vez presentada a declaración censual de alta, as circunstancias que o requiran previstas no artigo 3.3 deste regulamento.

Os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que cesen no desenvolvemento das actividades suxeitas ao imposto sen que isto determine a súa baixa no Censo de empresarios, profesionais e retentores, e as persoas ou entidades que durante os 12 meses anteriores non realizasen entregas ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao imposto sobre o valor engadido ou non prestasen ou non fosen destinatarios das prestacións de servizos a que se refiren as alíneas c) e d) do artigo 3.3 deste regulamento, deberán presentar, así mesmo, unha declaración censual de modificación solicitando a baixa no Rexistro de Operadores Intracomunitarios.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 25, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O número de identificación fiscal definido no número anterior asignarase ás seguintes persoas ou entidades:

a) Os empresarios ou profesionais que realicen entregas de bens ou adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ao citado imposto, mesmo se os bens obxecto desas adquisicións intracomunitarias se utilizan na realización de actividades empresariais ou profesionais no estranxeiro.

b) Os empresarios ou profesionais que sexan destinatarios de servizos prestados por empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido respecto dos cales sexan suxeitos pasivos.

c) Os empresarios ou profesionais que presten servizos que, conforme as regras de localización, se entendan realizados no territorio doutro Estado membro cando o suxeito pasivo sexa o destinatario deles.

d) As persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, cando as adquisicións intracomunitarias de bens que efectúen estean suxeitas ao imposto sobre o valor engadido, de acordo co disposto nos artigos 13.1.º e 14 da súa Lei reguladora.»

Disposición transitoria primeira. *Limiar para a presentación da declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias para efectos do imposto sobre o valor engadido durante 2010 e 2011.*

O limiar a que se refire o número 2º do punto 2 do artigo 81 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, será de 100.000 euros para as declaracións recapitulativas correspondentes aos anos 2010 e 2011.

Disposición transitoria segunda. *Solicitudes de devolución presentadas por empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido correspondentes a cotas soportadas en 2009.*

As solicitudes de devolución de empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido pero establecidos na Comunidade, Illas Canarias, Ceuta ou Melilla presentadas até o 31 de decembro de 2009, tramitaranse de acordo co disposto no artigo 31 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, segundo a súa redacción vixente nesa data.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español a Directiva 2008/8/CE do Consello, do 12 de febreiro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta ao lugar da prestación de servizos, a Directiva 2008/9/CE do Consello, do 12 de febreiro de 2008, pola que se establecen disposicións de aplicación relativas á devolución do imposto sobre o valor engadido, prevista na Directiva 2006/112/CE, a suxeitos pasivos non establecidos no Estado membro de devolución pero establecidos noutro Estado membro, e a Directiva 2008/117/CE do Consello, do 16 de decembro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, a fin de combater a fraude fiscal vinculada ás operacións intracomunitarias.

Disposición derradeira segunda. *Falta de resolución en prazo de determinados procedementos tributarios.*

O punto 11 do número un da disposición adicional primeira do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, queda redactado da seguinte forma:

«Procedemento para a realización de devolucions a empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido, regulado nos artigos 31 e 31 bis do regulamento do citado imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.»

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». En particular, a información das adquisicións intracomunitarias de servizos a que se refire o número 4.º do artigo 79 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, deberase conter nas declaracións recapitulativas que se presenten desde a entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ